

GOLEFINO

III





ÍNDICE

EDITORIAL: ¿Qué hai xuventude?.	PÁX 2
Manuel MURGUÍA.	PÁX 3
¡Ata sempre PACO!	PÁX 4
EXCURSIONS:	
Excursión a Madrid: 3ºESO	PÁX 6
Viaxe a Madrid: 1º BACH	PÁX 7
Excursión a Barcelona	PÁX 8
ULISES	PÁX 10
COMIC ¡Vaia día!	PÁX 11
POEMAS	PÁX 12
REFLEXIÓN sobre todo o que cremos ter aprendido das mulleres.	PÁX 18
UN DÍA de chipirós	PÁX 20
A PROMESA da Liberdade	PÁX 21
DEUSES gregos-romanos.	PÁX 22
DÚAS de cogomelos	PÁX 24
INGLÉS:	
Riddles	PÁX 25
The fool´s English exam	PÁX 26
DIVERTIMENTOS matemáticos	PÁX 28
DENDE SEMPRE... DIFERENTES	PÁX 30
PASATEMPOS	PÁX 31
AEOLUS: Cariño, a porta europea do vento	PÁX 34
COMIC Historia-s de dous	PÁX 35
PUBLICIDADE ECOLÓXICA	PÁX 36



¿ QUE HAI XUVENTUDE ?

Xa chegou a revista que todos estabades a esperar, "O GOLFEÑO Nº III" e coma sempre vén cheo de cousas interesante : dende cultura para todos nós e diversión, pasando por sentimentos, algún que outro suceso non desexado como a morte do noso querido Paquito ata outros máis agradables para todos nós como a recuperación de Ulises e a volta ó seu hábitat natural.E así moitas máis cousas que poderedes ir saboreando pouco a pouco mentras ledes a nova revista do instituto.

Esta revista está feita con moita ledicia por unha gran parte do noso instituto, temos que recoñecer que sen a axuda desinteresade de todos isto non se podería realizar, polo que queremos darvos as gracias por todo o esforzo, e en particular :

EQUIPO DE REDACCIÓN: Borja Guerrero Parapar, M^a Araceli Villar Bellón, Alvaro Abella Lage e sobre todo María Garrote Díaz e Leticia Ferro Rubido.

COMO DEBUXANTES: Borja Guerrero Parapar , Daniel Fustes Alonso, M^a Araceli Villar Bellón , Eduardo Pita Vergara, Juan José Díaz Viñambres ,Lidia Menjibar García, Israel Iglesias Pena e David Quiza González

ORDENANDO NO ORDENADOR E POLA SÚA GRAN PA-

CIENCIA: Ana María Pereira SucasasXosé Ramón Serrano e Isabel Bouza Rey.

DEBUXOS DA DAXINACIÓN: Ana M^a Prieto Díaz.

O equipo de redacción non se fai responsable das opinións verquidas nas colaboracións aquí recollidas.

MOITAS GRACIAS



Manuel Murguía

A figura e a obra de Manuel Murguía constitúen un referente fundamental para entender o proceso de renascencia da cultura galega. Foi un precursor, animador dos grupos intelectuais que, en Galicia andaban a traballar polo Rexurdimento dos valores autóctonos. A súa obra proxectouse nos eidos da historia, da literatura, da crítica e da investigación. O labor permanente murguiano quixo crear un sistema no que se descobre unha idea central : GALICIA.

Planteouse a demostración histórica, xeográfica e idiomática do país propio. O profundo amor do escritor á terra natal levouno os maiores sacrificios, que constituíron tamén a súa grandeza.

Juan José Díaz Viñambres


Remóntome ó ano 1997, entraba no instituto por 1º ano, e como optativa tiña a asignatura de TECNOLOXÍA, o mestre era Francisco Prego, unha persoa moi sociable, simpática e con bo sentido do humor; cada día que pasaba e tocaba Tecnoloxía, todos nos aledabamos, pois EL sempre tiña algunha anécdota ou algo que nos fixera rir e estar máis amables nese día; así pasou un ano, chegou outro, e o noso mestre seguía aí, da mesma maneira, pero, cando o curso xa estaba máis que avanzado, o profesor non se encontraba nada ben; daquela foi cando botou moito tempo sen vir ó instituto e a nós xa nos tardaba e comezamos a preguntar:

¿e Paco?; ¿como está Paquito?

este era o nome que todos empregabamos para chamalo, pero o tempo seguía pasando e ese nome non se perdía da nosa boca, chegou outro ano, e xa non veu, seguía mal, moi mal, e nós, aínda que xa non sería o noso mestre seguíamos querendo saber del pero o compañeiro que el levaba dentro, (*así lle poderíamos chamar a esa enfermidade que tanto tempo estivo con el*) quería separarnos cada vez máis do seu lado, e na madrugada do 1 de Marzo do 2000 gañounos a partida e separouno de nós para sempre, pois o noso querido Paco morreu dun cancro ó pulmón; nós, os alumnos recibimos a noticia o día 2 de Marzo do 2000, e a maioría de nós quedamos sorprendidos, xa que aínda tiñamos esperanzas de gañar a partida. A dirección do instituto tivo a delicadeza de darnos a noticia e informarnos de que ó día seguinte (3-04-2000) sairía un bus dende o instituto para quen quixera ir ó funeral de Paco en Magalofes.

O día 3 de Marzo do 2000, algúns de nós, estabamos á porta do instituto para poder irmos e darlle a última despedida a Paquiño. Aínda que perdemos a partida sempre nos quedará o seu recordo, aínda que non sexa nas flores, si na nosa mente.

María Garrote 1º A



Boyer

IATA SEMPRE PACO !

EXCURSIÓN A MADRID:

A nosa tutora -Beatriz- propúxonos unha idea que saía do cotián , consistente nunha viaxe a Madrid para coñecer os nosos "Penfriend" ou amigos por carta de Alcalá de Henares cos que nos escribimos durante todo o curso. Foi unha loita dura convencer ó profesorado para levar a cabo este proxecto.

Susana, Mónica e Beatriz, animáronse a vir connosco vendo o positivo da actividade , mostrándose os pais moito máis reticentes.

Saímos o día 21 de marzo do ano (en curso) ás vintetrés horas, pasamos a noite no autocar durmindo máis mal que ben , chegando ó noso destino ás oito da mañá do día seguinte. Deixáronos algún tempo que aproveitamos para asearnos e descansar. Saímos cara Alcalá de Henares, ó chegar ó instituto presentáronos os compañeiros que estaban agardando por nós con impaciencia, representaron varias obras en inglés moi cómicas, despois de xantar, mostráronos os lugares máis emblemáticos da cidade, visitamos a casa de Cervantes a cal parecía sacada dun libro de historia, retornamos ó aloxamento onde ceamos, bailamos pasándoo de marabilla. Ó día seguinte asistimos a unhas proxección no Omnimax, foi impresionante, daba a sensación de que ti eras unha personaxe máis da película , sentíaste introducida na pantalla. Ó saír dirixímonos ó zoo onde puidemos contemplar animais de todo tipo moi preto de nós.

Despois da cea -no aloxamento-, marchamos cara os estudos de Tele Cinco para asistir como público a "El informal" , onde nos deixaron sacar unha fotografía todos xuntos no plató, pasámolo moi ben. Regresamos ós "bungalows", deitámonos. Á mañá seguinte partimos moi cedo de volta á casa, suspendéndose a visita programada ó Museo de Ciencias naturais por uns incidentes acaecidos a noite anterior.

Patricia Mª Pita de Navasqüés. 3 ESO C



Viaxe a Madrid: 1º de Bacharelato

Aquel mércores, no que xa expiraba o mes de Marzo, á noite, saímos cara Madrid. Maletas e bolsas antes espaxeadas, ían asentándose na parte baixa do autobús. A través dos cristais, por un lado, alumnos faladores, excitados; o outro, unha comitiva de pais que axitando as mans a xeito de despedida xa que non contaban vernos ata transcorridos tres días.

A viaxe foi tranquila, só perturbada polas paradas necesarias e os verdes e chamativos letreiros que nos sinalaban que, pouco a pouco, nos acercabámonos ó noso destino. Os apacibles sonos dos compañeiros, coma maná caído no deserto, eran envexados polos que buscaban este estado para combatalo cansanzo da viaxe. Algunhas conversas esmorecían co percorrer das agullas do reloxo, que implacables pregoaban, cando aínda as tebras nos engulían na súa escuridade, a pronta aparición dun novo día.

Coa nosa chegada ó Instituto Antonio Machado tras deixala equipaxe no aloxamento, empezaron os nervios dos nosos "penfriends". O festival que nos foi ofrecido resultou moi divertido e estivo aliñado pola colaboración *forzosa* de profesores e compañeiros do IES Cabo Ortegal. Co remate do festival chegaron as presentacións, e con elas, os arroibos nas caras dos alumnos de ámbolos centros, para dar paso de seguido ás competicións deportivas. O noso equipo de fútbol sala amosou a súa superioridade, e trala victoria, os nosos compañeiros do IES Antonio Machado ofrecéronnos algo de comer, e algúns acompañáronnos no noso percorrido e visitas por Alcalá de Henares. Ó remata-la visita, quedamos no noso aloxamento, e celebramos unha pequena festa conxunta.



Ó día seguinte adicámonlo a visita-la capital e percorre-lo zoo pola mañá, e a asistir a dúas sesións, impresionantes en tódolos aspectos, no cine IMAX; e chegar a tempo de participar como público no peculiar, divertido e famoso programa *El Informal* pola tarde-noite. O certo é que durante o programa non tivemos tempo de aburrirnos, como xulgarían moitos polas nosas caras sorrintes. E como lembranza ó seu lugar natal, un compañeiro tivo a ben encinar unha camiseta na que

todos puideron ler, aínda que non tantos entender un "FEÁS MOLA MÁIS" que destacaba sobre o fondo branco e que de seguida captou a atención da cámara.

O día da nosa marcha aproveitamos para visitar o Museo Nacional de Historia Natural e o Centro Comercial de La Vaguada, un cúmulo de tendas ideais para perderse de vez en cando coa tarxeta de crédito.

Despois de xantar, deixamos tal vez cunha pouca de mágoa, a cidade que nos recibira sonolentos tres días antes, escoitando un estúpido programa de radio matinal, para dirixirnos á nosa Galicia natal, e repousa-los ollos nos seus lenes macizos, cansos das extensas e interminables chairas de Castela. Ó chegar, Cariño acolleunos nas tebras da noite do primeiro de Abril, e a nosa cama converteuse nun lene e doce recibimento.

Leticia Ferro Rubido 1º bach A

Excursión a Barcelona

Esta excursión foi moi importante para todos nós, xa que nela disfrutamos moito, pero a parte diso, significa a fin do curso, e a fin das excursións cos compañeiros de toda a vida, dun certa moda ou outro, a despedida entre alumnos é máis que iso, amigos de sempre, a despedida dunha viaxe sinxela é o comezo dunha vida un pouco máis complicada, tamén a partir disto, facernos cada vez máis adultos.

E isto non o digo por realizar unha simple viaxe senón polo motivo que agora cada ano é peor e moito máis difícil, por iso hai que estar preparado para o que poida vir.

CAROLINA P. 1ª

A terrible gorrida do Dragón . . . (Khan por suposto)


Todo comezou un 10 de abril, despois dunha viaxe de dez horas e pico con 25 rapaces e 2 profesores, feitos unha merda pola lonxitude da viaxe e os continuos berros de "churros, hai churros!" chegamos a <<Port Aventura>>

Pero a visita non comezou aí, a visita comezou co avistamento, xa dende a estrada, de dúas monstruosas montañas, de ferro unha e de madeira a outra máis cofiadas como "Dragón Khan" e "Stampida". Estas dúas atraccións dan medo só de velas, isto demóstroo dicindo que pasei 1 día pensando en montar ou non, pero claro, ¿como ía ir a Port Aventura e non montar no Dragón Khan?

primeiro día, a primeira entrada, en verdade decepcionou bastante, entramos pola parte máis aburrida e inda por riba chovía, a <<Mediterrania>> pois nesa parte tan só había tendas e bares e no medio unha inmensa lagoa. Pero a decepción desapareceu pasada unha ponte que indicaba a fin da Mediterrania e o comezo da Polynesia; esta última era unha gran xungla tropical, a choiva dáballe un toque máis

realista.

Esta mesma sensación séntese en tódalas zonas do parque, unha por unha: Far-west, México, China e as xa nomeadas, pero na China é onde residía o Dragón Khan, a única montaña rusa con oito corchetes e unha velocidade punta de 110 quilómetros por hora. a cola normalmente é de unha hora, pero se vas cando todo o mundo está comendo non leva máis de 30 min. Nesta entrada, se colles o sitio pegado á beira no primeiro vagón podes admirar a paisaxe que contemplas dende



ó menos 50m de altura. ¡atreveríame a dicir que 100 m! Comenzas a curiosear mirando cara abaixo (algo que **NUNCA** se debería facer) mentres segues subindo lentamente e adiviñas o teu destino:


caer en picado montado nun vagón sen freos e dar dous "loopings" e un amago de terceiro, mais oito corchetes seguidos mentres o teu estómago está oito metros e medio atrás túa unido polo intestino, e todo isto nun minuto e medio. Pero antes de "caer" para afrouxar un pouco os nervios unha "secreción salival" elegantemente saída da túa boca precipítase ó vacío (e recordas os debuxos do correcaminos e o coiote cando este último cae en picado por un precipicio e forma unha nube de polvo cando chega ó chan), pensas todo iso, mentres dita secreción aínda non rematou a súa viaxe e aparece un cartel nos teus fuciños que pon "Aviso: non-sei-que-máis" e dis ti: "¿eh, avisan agora?" xa cando comeza a baixadaaaaaaaaaaaaaa....

-¿Sobrevivirei?, pensas ti -¡Quen sabe!.

FRAN A.1ªA


Carriño-3

Hai uns meses atopouse unha nas costas cariñesas. Debido ó seu do,tivo que ser coidada e curada de ser devolta de novo ó mar, acto se levou a cabo o pasado mes de ZO.



foca
esta-
antes
que
Mar-

Para a unha enorme co-foto”.



fermo que esta, nunca recibirá tal trato.

súa liberación, entrou en acción mitiva política co fin de “saír na O único que fixeron foi observar a liberación, é dicir, nada; e gasta-los cartos.Foi un acto absurdo e cínico no que o punto central foi un animal, a súa condición foi elevada por enriba da importancia dun ser humano, que por moi en-

Por outra parte, o verdadeiro salvador da foca,(UN VE-CIÑO DE CARIÑO) permaneceu un anonimato, de maneira que esta panda de políticos cobraron todo o protagonismo, sacándollo á persoa que en realidade o merecía.

PABLO PIÑEIRO RODRÍGUEZ 4ºA.

MAIA DIA!

NON SE ME OCORRE QUÉN
PLUIDO SE-LO PILLO QUE SE LLE
OCORREU ESTA HISTORIA:


ISTO ACONTECEU ME UNAA
TARDE QUE ESTABA FARTO
DE DAR VOLTAS FOLAS AÚAS
DE CARIÑO CÓ MEU 405 E
DECIDÍN FACE-LA RUTA A PÉ
COMO LLE GUSTA FACELO A
ALGUNHA QUE OUTRA PROFESSORA



AS ACACIAS

Alá van as follas caídas da acacia
verdes aínda rebosantes de vitalidade
caen no prado, falto de amapolas
lúgubre e escuro sen felicidade.

Percíbíase un lene aroma nas súas pólas
doce e frenética vida que escapa
xamais, endexamais se esquecerán as acacias
desta fermosa sensación de morte e vida.



CONQUISTADOR:

Explorador
ti que conquistas
mares e terras
sometes pobos

Dominas mentes
coñeces mundo
belos paraxes
os máis profundos

Ti es mariño
e espectador
en toda guerra
xefe estratega.

Triste a túa sorte
triste a túa vida
es un ave
que está perdida.

Patricia María Pita de Navasqués,
3º ESO.C


XUNTO Á BEIRA DO MAR

Xunto á beira do mar,
cada anoitecer espero por tí,
tí fálame a modo moí a modo,
pero nun forte tono.

Non podendo distinguir dende onde,
miro cara o horizonte, lonxe, máis lonxe,
pero non consigo verte,
miro cara o pobo, todo está tranquilo,
Non hai ninguén,...vólvese oír a súa voz,
rápido, moí rápido dirixo a miña mirada triste,
desesperada cara o ceo,
cara a infinita pluralidade de mundos.
Aí estás.

Laura Lozano 1ºB

A BATALLA DA ETERNIDADE



A Dama da
Luz fixo unha reverencia,
deuse a volta e desapareceu.
O Señor da Paz fundiuse na tristeza
e andou toda a noite errante.
¡ Baila na escuridade da noite,
cántalle á luz da alba !
O Señor da Guerra está cantando ós
seus exércitos e ó tempo avisándonos,
sabemos o que nos está agardando.
¡ Arroxade as fouces e os martelos,
non descansedes ata que as vosas casas
estean fortemente pechadas !
Todos xuntos e unidos agardamos o poder
do máis escuro deles.
Escoito o estrépito dos cabalos no val
de embaixo, estou agardando ós anxos
de Avalón, agardando ó fulgor do Leste.
As mazás do val tocan o mar da felicidade,
a terra é boa e fértil do bo cuidado, non
o olvidades.
¡ Baila na escuridade da noite,
cántalle a luz da alba !
As mazás vólvense castañas e negras,
a cara do Tirano vermella.
¡ Guerra é o berro común, collede as
espadas e voade !
O ceo está cheo do Ben e do Mal
que os mortais non poden comprender.
A noite é longa, as contas do tempo
parecen non pasar.
Ollos cansados ó amencer agardando o
fulgor do Leste.
A dor da Guerra non é maior que a
aflicción das secuelas.
Os tambores sacoden o muro do castelo,
o Señor da Guerra está cabalgando de negro.
¡ Canta mentres enervas o arco , dispara máis

recto esta vez !
Ningunha calor dá o lume na noite que ilumina
un rostro tan frío.
¡ Segue cabalgando !
As Runas Máxicas escritas en ouro dispostas a
devolver o equilibrio.
¡ Devolvédeo !
Ó fin o Sol está brillando, as nubes de tristeza
van desaparecendo.
Coas chamas do Señor da Guerra, a luz do Sol
cega os seus ollos.
¡ Devolvédenolo, devolvédenolo!
¡ Agora!

Pablo Aguilar Maciñeira 1ºB


LEMBRANZA

Altas montañas,
bravío mar,
inmensas arboredas
vexo eu dende o meu lar.

Paxariños no tellado
óense cantar,
o vento está calado,
non se lle oe soprar.

O sol non é o de onte,
máis apagado está,
vaise pousando no horizonte,
pra se ir... pra marchar.

Mónika 1º B



QUÉROTE

Quero que a nosa vida
esteá chea sempre de amor
sen ter ningunha fuxida
e sen que ti teñas dor

Quero ver cheo o teu corazón
aínda que eu por ti non teña compasión
velo cheo de paz e esperanza
pero que ti non teñas por min añoranza

Pois eu son un ladrón
que a roubarche o corazón vou
e se agora recapacitando estou
será porque no fondo, ¡quérote amor!

Quérote como xamais puiden querer
e xa que sei que te perderei
pensei en que debía desaparecer
pero estea onde estea eu sempre te amarei
M.G.D.(1ªA)

"Quixente olvidar"

Todo parece inútil sen ti,
e o meu corazón échese de soidade,
todos son recordos de cando te perdín
e agora mátame esta soidade.

Quixente olvidar,
nos teus ollos chorar,
vivir en soidade
sen ti, sen recordar,

Este amor arríncame o corazón,
sinto algo e non sinto nada,
todo foi a culpa da paixón
e agora deixoume abandonada.

E eu quixen olvidar,
nos teus ollos chorar,
vivir en soidade
e nunca máis volverte a amar.

Agora sinto algo, e non sinto nada,
namoreime dunha rosa de amor,
agora que ela morreu sintome traicionada
por culpa desta dor.

Non puiden chorar, cerca de ti,
só unha lágrima derramei,
non sabes como me sentín
cando este amor abandonei.

Botáchesme do teu corazón,
decidiches morrer para olvidarme,
leveiche na túa morte a rosa da paixón
por se aínda queres lembrarme.

O que daría por volver a ver os teus ollos,
convertiríame en sol para iluminarte,
e agora deime conta que estamos sós
e xa non sei cómo resucitarte.


María Araceli Villar Bellón, 1ºB

ESPUMOSO MAR

As túas mans son dúas suaves ondas,
que me levan ata a beira dos teus ollos.

Os teus beizos son dous claros reflexos do luar,
que navegan polo meu espumoso cabelo.

O meu corazón é un barco, que navega docemente polo teu
suave corpo.



Cando te quixen ti non me quixeches,
cando me quixeches eu non te quixen,
pero agora que outras me queren, ti quéresme.

Cando te vin bicando a outro,
o meu corazón chorou sangue,
por ese bico dado.

YAGO ORIZALES PÉREZ 1ºB

Reflexión Sobre O Que Creemos Ter Aprendido Das Mulleres

Para nós, os homes, as mulleres, son moito máis ca un pedazo de carne ou un robot de cociña, e agora diredes que si que hai homes que cren iso, pero para min iso non son homes, son galiñas, e remarco o significado de galiñas que se aproveitan da súa posición fronte ás mulleres e tratan de impoñerse ante elas mediante a única arte que dominan que é a arte marcial.

Deixando atrás estes indesexables que non fan máis que dana-la nosa imaxe como homes, eu penso que nin o home é mellor cá muller nin ó revés, é dicir, somos distintos nalgunhas cousas pero iso é o bonito da convivencia.

Eu penso que entre homes e mulleres existe un lazo de dependencia mutua e aínda que recoñezo que, ás veces, nós comportámonos como porcos e elas a pesar diso séguennos aturando, elas, pola parte que lles toca tamén che son bastante caralludas.

De todo o que creo saber sobre as mulleres, o máis importante é que se queres que elas se volvan tolas por ti, tes que semellar vulnerable, ser gracioso, ter moita labia e, sobre todo, o gran segredo é ir de vítima e de bonachón; se fas isto ben, antes de darte conta, terala comendo da túa man, é dicir, que pasan os días e vaste facendo cada vez máis e máis amigo dela. E aquí chega o momento decisivo posto que se plantexa unha encrucillada de camiños, se non intentas pasar a algo máis, ela pode pensar dúas cousas, ou que eres gai ou que só a queres como unha amiga, e aí si que a *jodiches*, xa que no momento en que ela te trate como un gran amigo e che conte tódolos seus segredos é o teu fin, xa que lle será moi complicado pensar que ti queres algo máis con ela e non te verá xamais, como protagonista das súas fantasías sexuais (unhas fantasías que aínda que son máis abundantes entre os homes, non son como algúns pensan, inexistentes entre as mulleres).

Pero se no momento oportuno lle deixas claro un par de cousas, sobre os intereses creados que tes con ela, a susodita rapaza terá dúas opcións: o 99'9% das veces, dirache que es un pailán e que pases dela, co cal perderás unha amiga e gañarás unha mala influencia entre o resto das rapazas, por iso che

— pido que entendas que o atreverte a dar este gran paso pode acarrear consecuencias trágicas para a túa vida, pero agora chega o bo, xa que no 0'1% das veces, elas acceden a compartir contigo os momentos de ocio e entraredes nunha dinámica de corazón latendo a cen por hora, peiteado, perfumado e duchado tres veces ó día e un sinfín máis de reaccións que resultaran atípicas para a túa nai; unha porque rematarás co butano constantemente e outra porque estaba acostumada a que te lavarás só os 29 de febreiro de cada ano.


Pero tranquilos todos aqueles que lle teñades algún tipo de fobia á auga quente con xabón, xa que esta situación soamente durará unhas semanas, como moito un par de meses se a cativa en cuestión é realmente tan boa persoa como imaxinabas. Pasado este tempo perderase a paixón do principio, pero non completamente xa que de cando en vez rememoraredes vellos tempos.

Os poucos que cheguen a este punto clímax da vida de calquera persoa, pensarán de seguro que mereceu a pena pasar todo ese calvario para poder estar agora coa muller que queres, porque ¿hai algo máis bonito que amor entre dúas persoas?

-NOTA FINAL: Calquera parecido coa realidade non é pura coincidencia.

-NOTA FINAL 2: Tende en conta que isto é soamente o que creo saber sobre a muller, que é algo insignificante na cabeza dunha delas, xa que na maioría dos casos non se entenden nin elas mesmas.

José Fachal Fragueta 1^ºA



“UN DÍA DE CHIPIRÓS”:

Era un día de setembro, nublado, e ademais sen vento, era un día perfecto na mellor época do ano para coller uns bos quilos de “chipirós”.

Eu e un amigo collemos o bote, arranchamos velas, puxemos os toletes na chumbanceira, os estobos e os remos e bogamos e bogamos ata chegar ó Cabezo, pois unha aposta bastante arriscada, xa que os máis veteranos e langráns, como Higinio ou o Sevilla entre outros, andaban cerca da Area da Vaca ou en Mondelo. Pero non nos preocupamos e botamos as poteiras ó mar, estas poteiras eran verdes cun peixe poteira máis arriba, enganchado cun xiratorio, nunca puiden imaxinar o que ía acontecer, xa que non levabamos gran cousa ata que:

-¡¡ **ÑO!!** - dixen eu, -¿Que carallo é isto?


-Tranquilo, ala por el a modo.-dixome o meu amigo.

A miña poteira estaba a media auga pero aínda así costoume moito alala, ata que por fin cando só quedaba un metro ou dous contemplei a lura máis grande que vira na miña vida, o meu amigo botoulle o gancho e aínda así sufrimos o noso para metela a bordo, ó chegar ó porto fómola pesar e a moi condenada pesaba 30 kg, ¡pedazo bicho!

¡¡¡¡**RIIIIIIING!!!!**---¡¡¡¡**RIIIIIIING!!!!**

Eran as 6.00 da mañá e o Chani despertábame para ir pescar; o meu sono rematara.

Antonio Vieira (1ªA)




A promesa da liberdade

Tal vez o título deste relato debera levar letras máis rechamantes, desas que vos invitan á lectura... Nese ínfimo detalle que se preferiu omitir, porque tal vez sexa a túa historia, ou dalguén que coñeces, porque é a historia dun adolescente calquera. Quizais sen poder evitalo, por casualidade, sexa autobiográfica.

Unha historia que pode comezar así:

O sangue parecía percorrerlle as veas como se da mecha dun cartucho de dinamita se tratase, para rematar explotando no que nese momento era unha bomba de relaxería: o seu corazón. E non era porque estivese namorado nin nada polo estilo: era algo habitual nos alumnos, pero el parecía estar inmunizado contra ese terrible virus que azota a poboación adolescente xeración tras xeración sen outra mención máis que a negación ós primeiros síntomas. O debido ó nerviosismo e canéboa de exames provoca díantes, propia ou improdaba pouco: este era o último o que estudiara antes que fixera "por se acaso"...o so ocorrese...pero xa se vería máis importante era que fose este exame...porque a asomaba timidamente coa Tan absorto estaba que cochear, no seu criterio, de Cando o seu pensamento bes da imaxinación e da de novo importancia á folla catarse cravaba a mirada; realidade que transcorría mento pasaxeiro dela, estadeiras líneas da derradeira era case unha realidade que oía anegou o seu espírito oiais. Ese brillo incomparábase co vermello provocafazulas.



dos propios sentimentos seu estado de ánimo era sanzo que a tortuosa nos chamados estupidamente. Pero xa que-mo. Malo sería que ene "os apuntes de apoio" máis seguro é que o cao xeito de zafarse...o habia que pasar como promesa da liberdade chegada das vacacións. mezo a escribir, a reforma correcta o exame. baixou das cálidas nu-inconsciencia para dar de papel na que sen de Cando por fin volveu á a pesar do seu esqueceba a escribir as derrapregunta. A liberdade se podía palpar. A ledícomo as chuvias torrenble dos seus ollos mistu-do pola calor das súas

Agora a inmensidade da súa mirada perdíase no infinito da costeira paisaxe, que hoxe se lle antolliaba máis fermosa que nunca, embelecida pola luz do sol que, caprichosa, se deixaba ver hoxe totalmente, privando as nubes do seu coitán protagonismo na vila.

O son estridente da serea, que anunciaba o fin da "esclavitude escolar" sufrida ata fai uns instantes e xa esquecida polo alumnado que corría cara a saída, fíxo acordar do seu momentáneo letargo. Cando as raias de sol acariciaban os seus ollos sentiuse o ser máis ditoso do mundo malia a súa manifesta infinitude.

Pero a pesar de todo, era como voiver a empezar de novo, un novo inicio cheo de ilusións, que tamén comezaba para todos aqueles estudantes que, coma o noso anónimo protagonista teñen cada vez máis próxima a ilusión e promesa da liberdade coa cegada dos agobiantes exames finais.

MOITA SORTE.


MORGANA

HERA

JUNO



ATRIBUTOS



SEGUNDO O MITO, ESPOSA DE ZEUS (JÚPITER). ERA MOI CIUMOSA E NON ATURABA OLLAR A ZEUS CON OUTRAS MULLERES. HERA, ERA A DEUSA DO MATRIMONIO E DAS MULLERES.

Tamara Salgueiro 4ºESO B

Posedón

ATRIBUTOS


O tridente e un carro tirado por cabalos.



Deus do mar, fillo de Saturno e de Cibele. Esposo de Anftrite . filla do océano . casada coa el

Neptuno

Maria Rábade 4ºESO



A central illustration of Zeus/Jupiter, a bearded man with long hair, wearing a draped garment, seated on a throne. He holds a lightning bolt in his right hand and a scepter in his left. The name 'ZEUS' is written in a stylized font above him, and 'JUPITER' is written below him. The entire illustration is enclosed in a rectangular frame with decorative floral motifs in the corners.

ATRIBUTOS:
A AGUIA, O RAI
OU UN CETRO.

DEUS DO
CEO E DA
XUSTIZA

Ana Mª Prieto 4º ESO B

DIANA **NOME LATINO**

ATRIBUTOS.

- Cerva
- Carcaj
- Arco



A central illustration of Diana, a woman in a short, patterned dress, holding a bow in her right hand and a stag in her left. The illustration is enclosed in a rectangular frame.


DEUSA DA CAZA

NOME GREGO **ÁRTEMIS**

Isabel Montero 4º ESO B

A chamada:

Seta antialcohólica: (*Coprinus atramentarius*)



DEBUXO: DANIEL FUSTES ALONSO 4º ESO A

Características:

- Ten o sombreiro branco, laminado, con restos do ovo que formaba antes de medrar.
- O talo é, xeralmente, curto e non moi grosso.
- Dáse en prados, xardíns e esterqueiras.
- É comestible, pero en presenza do alcohol, produce reaccións alérxicas por causa da coprina que posúe.

Segundo teño entendido, a seta antialcohólica (*coprinus atramentarius*) produce, en presenza do alcohol, unha serie de reaccións alérxicas: coloración da pel, mareos, vértigos, vómitos, descomposición intestinal, mal estar xeral...

Contan as malas linguas que esta seta é o resultado dun conxuro que un destes bruxos de antes botara sobre outro tipo de coprinus – o coprinus comatus –, que ten as mesmas características que o anteriormente citado.

Seica o tipo estaba farto de aguantar a un fulano e ós seus amigos; estes, bebían ata estoupar e logo, ían á casa do bruxo botarlle pestes. Vese que non o querían ben...

O bruxo inda os ía aturando, pero un día, puxérono a parir de máis e este fartouse; colleu o fulano e decidiu enmeigar unha especie de cogumelo que o tipo e os seus amigos adoitaban tomar para acompañalo viño. Naceu a nova seta: o atramentarius.

¡Seica foi moito! O home avisáraos: ¡Non bebedes máis, que despois non vai haber quen vos ature!. Pero eles nada, seguíronlle a dar: unha de coprinus, unha xerra de viño; tres de coprinus, unha ducia de xerras de viño... Iso era o mellor; beber ata estoupar e logo, “festa rachada”; collían cara a casa do vello, ían abaneándose polo camiño, pero nada, non importaba; o caso era poñe-lo vello bruxo a parir, zouparlle ás súas ovelas, romper os seus cristais... ¡tíñanlle unha xenreira brava! Logo, ó día seguinte, desculpábanse e dicían estar bébedos, pero eles ben sabían que, ó dála volta o vello: cinco de viño, tres de coprinus; oito de viño, sete de coprinus..., e ala, ¡ata a noite vello porco!

Seica esta noite foi distinto; os borrachuzas chegaron á porta do bruxo ás tres da mañá; pero algo xa parecía ir mal; un comezou a trocar de cor, a marearse, mentras os outros se rían del; ¡nin a primeira pedra tiraron!, ós poucos minutos, ríos de esterco parecían correr pola horta do vello, os homes coma porcos rebizados na súa salsa, fuxían dalí deixando o seu rastro nunha liña que marcaba a dirección que seguían... ¡Puxéronse a morrer!...

Seica pronto deixaron de beber ¡Escarmentaron! E polo menos, por un mes non volveron poñer a mesma roupa, que lavado tras lavado ulía coma antes. En can-

ISRAEL IGLESIAS PENA 4º ESO A

REBENTABOIS (AMANITA MUSCARIA):

CARACTERISTICAS:

*COR: vermella, con restos brancos do ovo.

*SOMBREIRO: Laminada e semiesférico.

*PÉ: grosso, con anel grande e con volva.

*Moi velenosa.

*É coñecida por ser a casa dos pitufos.



DEBUXO: DANIEL FUSTES ALONSO 4º ESO A

ORIXE DO NOME POPULAR:

Oín certa lenda que di que hai sobre uns cen anos , nun monte preto de Ourense, vivía un matrimonio e mailos seus cinco fillos. Acercábase a época de sementeira, e tiñan que rematar de ara-lo terreo nesa semana. Pola mañá cedo, saíron cara ó terreo, xunto á parella de bois. Pararon polo camiño, para que os bois comesen. Ó arredor deles xogaban os cativos, e un deles viu unhas setas vermellas que lle chamaron a atención. Avisou ós seus irmáns, e todos se puxeron a esmagalas cos pés e espaxéronas polo campo. Mentres tanto, os bois seguían comendo na herba confiados, pero inxeriron sen querer anacos de seta.

Cara ó mediodía todos fixeron un descanso para xantar, pero entón os bois comezaron a brincar e a muxir. Pouco despois, os dous desvanecéronse a un tempo. O matrimonio foi anda eles, e non atopaban explicacións para o acontecido; ata que a muller viu nos beizos dun dos bois, restos vermellos que correspondían á seta.

Dende entón, a AMANITA MUSCARÍA, é coñecida tamén por **"REBENTABOIS"**.

USO DA SETA:

A Amanita muscaria, é utilizada aínda na actualidade en cerimonias relixiosas; como por exemplo, polas tribos seberianas e americanas, que a utilizan para poñerse en contacto con outros mundos.



You can't touch me, you can't see me, you cannot smell me and I have no taste. I could cut through you like a knife or dry you if you are wet. I can cool you if you are hot or freeze you if you are cold. You can hear my song as I whistle through the trees.

1

A man was shipwrecked on a desert island. All he had was a calendar. Six months later a fishing boat rescued him. He was perfectly healthy. How did he survive for so long with only a calendar for food?

2

What do you call something that is big, blue and red?

3

What do you call a person that doesn't know which is his left hand and which is his right. He doesn't like counting; he doesn't like reading and doesn't want to walk anywhere; he wants to watch television all day, and never answers questions when you ask him?

4

This animal begins its life walking on four legs. Then it walks for a long time on two. Late in life it begins to walk on three.

What is it?

5



ADIVINHAS

6

Two lonely lovers live a lonely love affair. They are always together but always apart. When one is visible, the other is hidden. When one rises the other falls.

One arrives when least wanted and leaves when most desired.

The other is always growing and ever dying, halfway here and halfway there.

What do you get if you mix red, blue, yellow, green, black and orange?

7

I live in a big house with all my family. Sometimes, a big, five headed monster takes us one at a time to an enormous room full of marble white stone and red carpets. Down, down, down I fall, dissolving, dissolving until I am no more.

8





The Fool's English Exam.

1. History.

- a. Who won the second world war? Who was second? Who got the bronze medal?
- b. How many kings were called Charles before Charles VI?
- c. If Henry VIII had seven wives, which was the eighth?

2. English

- a. Write the following words: cat, dog, rabbit, house.
- b. How do you say these words in English? Brother, sister, father, mother.
- c. Write this sentence in English:
 - "Eu son moi feo."
 - "vou lle dar moitos cartos ó meu profesor de inglés"

3. Maths

Two girls have six apples, they want to eat half an apple each and give the other apples to their friends. They are ten years old and their friends are Steven, Harry and John.

a. Maths questions:

- What are the names of the two girls?
- How old is Steven?
- How many apples did their mother have?
- Did they eat the apples at home or at school?

4. Social Studies and Geography

- a. What is the population of England? What are their names?
- b. If Germany is next to Austria and Switzerland is next to Italy
Where does my Austrian cousin's Italian wife live?
- c. Say the name of any river in the Sahara Desert.
- d. If you are on Mars, where is the nearest supermarket?

Answers:

If you can answer any of these questions you are the best candidate for Fools school!!!

Seminario de Inglés

1. The wind
2. He ate dates for lunch and a sundae for desert! (Think about it!)
Dates – dates / dattes sundae – helado / Domingo Son / el!
3. A big, blue, red something!
4. Stupid!!!!
5. Man
6. The sun and the moon
7. A mess!!
8. An aspirin

ANSWERS RIDDLES



DIVERTIMENTOS MATEMÁTICOS



—Os números non enganan.
—Pero todos enganan se que se fan.

O ano 2000, como ben sabedes, último ano do século vinte, foi declarado pola UNESCO *Ano Mundial das Matemáticas*. Por esa razón queremos poñervos deberes, pero esta vez con premio...

1. ¿SEGURO QUE SABES SUMAR?

Se lle fas esta pregunta a calquera dos teus amigos, contestarache: ¡pois claro! Vamos ver se somos capaces de que cambie o ton da súa resposta e che conteste algo así como: "... Vale, eu pensaba que si pero ..."

As palabras CANT, CUT, TWEED representan tres enteiros nos que se substituíron as cifras por letras. Sabendo que a suma de CANT e CUT dá como resultado TWEED, trátase de averiguar a que número representa cada letra.

CANT
CUT

TWEED

2. ¡OUTRA DE NÚMEROS!

Calcular un número enteiro do que o cadrado e o cubo utilicen - entre os dous - as dez cifras (0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9) unha e só unha vez.

Para Bacharelato

3. CEA DE FIN DE CURSO

Un grupo de alumnos da miña clase decidimos celebrar a fin de curso cunha cea nun restaurante. Cada un dos meus compañeiros dirá, ou sempre a verdade ou sempre a mentira. Cando cheguei ó restaurante, estaban todos sentados nunha mesa circular tomando o primeiro prato.

Non había forma de distinguir os que contaban a verdade dos que dicían mentira, polo tanto fun preguntando a cada un se eran unha cousa ou outra. Pero esto non serviu de nada, pois todos aseguraban



que contaban a verdade. Volvín intentalo, pero nesta ocasión preguntei a cada un polo seu compañeiro de mesa da esquerda, e a miña sorpresa foi que todos me contestaron que o amigo sentado á súa esquerda era mentiroso.

Cando volvín á casa esquecera o número exacto de persoas sentadas á mesa. Chamei por teléfono a un amigo que estivo na cea e informoume que o número de comensais era 37. Ó colgar deime conta que non podía confiar nesta cifra, porque non sabía que o meu amigo contaba verdade ou mentira. Entón decidín chamar a outro compañeiro de clase, aseguroume que eramos 40 comensais. Agora teño un grave problema, porque son o encargado de ir pagar á cea ó restaurante e non sei cantos cartos debo levar, porque non sei cantos estive-mos ceando.

¿A que compañeiro debería crer? ¿Poderías axudarme a determinar cantos estabamos sentados á mesa?

4. ¿QUEN PAGA A CEA ESTA NOITE? (Para os alumnos de 2º.....)

Tres amigos, Xoan, Pedro e Marta queren ir esta noite cear a un restaurante, e para decidir quen dos tres pagará a cea, lanzan ó ar unha moeda 15, 16 e 17 veces, respectivamente. Pagará a cea quen saque menor número de caras que de cruces. ¿Quen ten maior probabilidade de pagar a cea? ¿E se as veces que tiran a moeda ó ar son 18, 19 e 20?

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS: Amalia Arias, Francisco Barge, Ana Iglesias, Rosa Miña

----- Recorta por esta liña -----
e entrega a parte de abaixo a algún membro do Departamento antes do 24 de Xuño.
Os premios sortearanse entre os que acerten todas as respostas.

SOLUCIÓNS:

1. ¿SEGURO QUE SABES SUMAR?

A letra A representa ó número _____, a C _____, a D _____, a E _____, a N _____, a T _____, a U _____ e a letra W _____.

2. ¡ OUTRA DE NÚMEROS!

Atopei as seguintes solucións: para o do cadrado _____, para o do cubo _____

3. CEA DE FIN DE CURSO.

Debería crer ó compañeiro que me dí que son _____ comensais, porque

4. ¿QUEN PAGA A CEA ESTA NOITE?

Dende
sempre ...
... diferentes.



LÓXICA

NOMES	IDADES	CIDADES -	NOVELAS	MESES

1. Francisco, de Almeria, non ten 40 anos
2. A santanderina, de 30 anos, non é a autora dos libros de ficción.
3. María ten 26 anos, pero non tardou en escribir a súa novela 18 meses.
4. Xesús escribe novelas de terror, pero non vive en Santander.
5. O autor coruñés tardou 12 meses en concluír a súa novela, pero éstas non tratan de aventuras.
6. Uxía tardou 24 meses en rematar á súa obra, pero non é palentina.
7. O autor de novelas románticas tardou 6 meses en escribir a súa novela, pero non ten 32 anos.

ANA YÁÑEZ RÍOS – 1^º BACH A

1	2		5	10	13	2		4	11	11	3	7	4	1		
	A											T				
14	2	3	7	1	1	7	4	3			2	10	3		15	
12	16	3	2	3		2		2	9		4		13	12	3	
	U					P								O		
15	2	9	7	12	3		2	3	10		8	16	4		15	
12	4	1	3	10	18	16	4		16	1		14	12		6	12
				G												
1	7	12	1		4		3	2	19		14	16	3	15	2	
								L								
19	2	3														
			7	9	4	5	12	9		13	4	2	5	4	3	
				R												S







COMPLETA A FRASE

O único que tes que facer é completar coas letras que aparecen nun principio a frase, tendo en conta que a letras iguais correspóndenlle números iguais. O resto debes ilas supoñendo. Debes adivinar tamén o autor que figura abaixo. ¿Serás quen?

L	N	M	U	W		H	T	R	S	E
O	R		T	I	P	U	S	I	L	M
E	Q	I	S	M	A	X	M	T	O	P
B	S	R		R	F	B	T	U	S	E
L	M	L	R	O	U	Z	S	V	E	Q
I	T	L	F		E	É	B	K	X	Ó
		E	C	U		D		N	F	S
M	D	L	L	D	D	C	É	R		Z
Í	V	S	A	I	X	N	S	A	R	É
M	T	O	O	Ó	O	E	P	N	L	P
V		W	N	P	B	C	L	O	E	U

¿Sabes como resolver este pasatempo? Só tes que facer os mesmos movementos que a figura do cavaleiro de xadrez, é dicir, un L cunha altura de tres casillas e unha lonxitude de tres. Vaie calquera posición. A cada casilla correspóndelle unha letra, coa que tentarás completar unha frase famosa. ¡Animo! Tes a primeira e a última letra.

"HISTORIA DE DOUS"



Lidia Menjibar García 3ESO B

Aeolus: Cariño, a porta europea do vento

Hoxe cando botamos unha ollada deica os montes, vémoslos. Brancos, grises, ás veces invisibles, sempre cara ó vento, os parques eólicos son os novos monumentos adicados ó seu deus: Eolo. ¿Quen é ese deus? A lenda conta que é o señor dos ventos, fillo de Poseidón. Na *Odisea* axuda a Ulises dándolle un pelello onde estaban gardados tódolos ventos, agás do que o ía levar para Ítaca. No camiño, os seus mariñeiros, pensando que estaba cheo de viño, abríronno soltando os ventos que ficaron en liberdade para sempre.


Por iso os parques levan o nome que deriva deste deus. O noso proxecto tamén se chama Aeolus coma a deidade grega. ¿E para que serve o devandito proxecto? Este proxecto é moi interesante porque está relacionado cunha das principais fontes de enerxía que se están a desenrolar en Europa. Cómpre dicir que Galicia xa é a rexión española que máis axiña se incorporara a esta nova forma máis limpa de producir enerxía. Por iso é moi importante formar xente nova que poida traballar nestes parques, nos diferentes eidos que xera esta industria, que se vai mellorando decote. ¿Que facemos nós os do IES Cabo Ortegal no Aeolus? O que facemos é estudar o que se está a facer noutras rexións de España, as investigacións nas universidades e mailas fábricas que fornecen o sector cos diversos compoñentes destes novos “monumentos eólicos”. Deste xeito poderemos facilitar a creación de varios módulos especializados para saíren novos profesionais deste concello que desempeñen postos de traballo nos parques e nas industrias dos componentes. Sabemos que non hai case técnicos para a montaxe das instalacións. Os enxeñeiros teñen problemas à hora de atopar equipos de traballo especializado porque hai unha carencia de persoal específico neste terreo.

¿E iso de Europa que é? O proxecto Aeolus pertence ó “plan Leonardo.” O Leonardo ten unha finalidade: unir Europa, facer desaparecer as fronteiras culturais. A xente nova poderá realiza-los seus estudos, tanto da ESO, o BACH e mesmo un módulo por tódolos países da Unión Europea, sen teren problemas coas convalidacións. É dicir que un de vós poderá pronto viaxar a Italia e facer aló 4º da ESO ou ir para Alemaña e realizar un ano dun módulo. Para isto no proxecto non estamos só os españois, hai noruegos e tamén holandeses. Deste xeito, entre todos faremos posíbel a nosa integración na comunidade europea do século XXI, dentro do marco das enerxías renovables, porque nestes planos non é soamente o vento, aínda temos máis; aproveitala forza do mar, a madeira, as follas, os toxos para xerar enerxía; son outros obxectivos a acadar cara ó futuro.

Cordinación do proxecto: Beatriz Fernández Mourente.
Redacción do artigo: Isabel Truán Vereterra



Campaña para o fomento da recollida de pilas



¡XA SEI QUE PODO FACER COAS MIÑAS PILAS!

RECÍCLOAS

VÍCTOR ORIZALES

ANTONIO SANTIAGO





EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA